

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25/02/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Expediente contratación Servizos de Arquitecto.--
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás 19:00 horas do día 25/02/2016 reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 18 de Febreiro de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Expediente contratación Servizos de Arquitecto.--

Unha vez examinado o expediente tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade co motivo da Contratación do Servizo de Consultoría e asistencia técnica dentro desta Corporación en materia de Arquitectura e Urbanismo cun presuposto de licitación por importe de Trinta e sete mil cento noventa euros con oito céntimos (37.190,08 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Sete mil oitocentos nove euros con noventa e dous céntimos (7.809,92€) en base ó prego de Cláusulas administrativas particulares aprobado no seu día por esta Xunta na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2015, que exposto ao público no Boletín Oficial da Provincia polo espazo regulamentario, non foi obxecto de reclamación algunha ,

Resultando que no expediente queda constancia das Empresas presentadas para a prestación do servizo en cuestión, de conformidade co previsto no Artigo 178.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de

novembro do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que se indican :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Vicente Rivas Negreira	PONTO DO PORTO CAMARIÑAS
José Lorenzo Crespo Rama	15293 CARNOTA
Beatriz Lucas Quintans	15600 PONTEDEUME

Considerando que, procedido a apertura do sobres A (Documentación) de cada unha das Empresas quedan todas aceptadas por cumprir con todos os requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas que sirvió de base a licitación e na vixente Lei de Contratos do Sector Público e procedido a apertura do sobre B (Técnicas), unha vez examinado resulta :

SOLUCION TECNICA (VALORACIÓN)

EMPRESA	PROXECTO DE ORGANIZACION	MELLORAS OFERTADAS	TOTAL
Vicente Rivas Negreira	15	3	18
José Lorenzo Crespo Rama	15	0	15
Beatriz Lucas Quintans	30	15	45

Efectuada á apertura da **Oferta Económica** resulta ó seguinte :

DENOMINACIÓN	OFERTA	BAIXA	VALORACION
Vicente Rivas Negreira	34.848,00 €	10.152,00 €	47,74
José Lorenzo Crespo Rama	30.492,00 €	14.508,00 €	55
Beatriz Lucas Quintans	37.900,83 €	7.099,17 €	44,24

En base ó Anexo VII (Aspectos Económicos e Técnicos obxecto de negociación e adxudicación) previsto no Prego, resulta a seguinte :

VALORACION FINAL

EMPRESA	PROXECTO	MELLORAS	OFERTA	TOTAL
Vicente Rivas Negreira	15	3	47,74	65,74
José Lorenzo Crespo Rama	15	0	55	70
Beatriz Lucas Quintans	30	15	44,24	89,24

Á vista do resultado, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda :

1) Declarar válida a licitación, adxudicando provisionalmente o Servizo en cuestión á Licenciada en Arquitectura, Sabina Beatriz Lucas Quintáns nun importe de Trinta e un mil trescentos vinte e tres euros (31.323,00 €) e Seis mil cincocentos setenta e sete euros con oitenta e tres céntimos (6.577,83 €) do Imposto sobre o Valor Engadido que supón unha baixa de Sete mil noventa e nove euros con dezasete céntimos (7.099,17 €) en relación co tipo de licitación ó tratarse da mellor oferta.-

2) Requirit a licitadora para que no prazo de dez días hábiles (10) a contar desde o seguinte ao recibo da notificación deste acordo, presente a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social asi como constitución dunha garantía definitiva en importe de Mil cincocentos sesenta e seis euros e quince céntimos (1.566,15 €) equivalente ó 5% da adxudicación do contrato excluído o Imposto sobre o Valor Engadido asi como acreditación de dispoñer efectivamente dos medios personais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato.-

3º Asuntos varios.-

VENDA AMBULANTE (Lista de Espera)

A) Vista a solicitude presentada co número 374 (RE) de 5/2/2016 por **Klaus Willi Satzler**, e domicilio do termo municipal de Arteixo, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse á venda de alimentación (polos asados, patacas fritas, empanadillas, ...).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluílo na lista de espera da venda ambulante co número 23-AL, para adicarse á venda de alimentación (polos asados, patacas fritas, empanadillas, ...).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Vista a solicitude presentada co número 3471 (RE) de 6/11/2015 por **Sara López García**, e domicilio na localidade de Santiago de Compostela, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse á venda de textil e calzado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluílo na lista de espera da venda ambulante co número 76, para adicarse á venda de textil e calzado.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) Vista a solicitude presentada co número 3931 (RE) de 18/12/2015 por **Khurshid Hussain Shah**, e domicilio na localidade de Pontedeume, na que

solicita un posto na venda ambulante para adicarse á venda de produtos de artesanía e complementos da India.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluílo na lista de espera da venda ambulante co número 77, para adicarse á venda de produtos de artesanía e complementos da India.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

LICENZA DE APERTURA (Transmisión de Licenza)

A) Visto o expediente iniciado co número 438 (RE) de 15/2/2016 por **Manuel Jesús Domínguez Buiturón**, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de café bar que se localiza no baixo do Paseo de Calafigueira, 1 desta vila.

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local na sesión que celebrou o pasado 14/5/2009 concedíulle licenza definitiva de apertura de café bar que se localiza no baixo do Paseo de Calafigueira, 1 desta vila a MJ DOMINGUEZ BUITURON, S.C..

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre MJ DOMINGUEZ BUITURON, S.C. e Manuel Jesús Domínguez Buiturón.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder a Manuel Jesús Domínguez Buiturón, licenza de apertura de café bar que se localiza no baixo do Paseo de Calafigueira, 1 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 2418 (RE) de 31/7/2015 por **Michele D'Atri**, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de café bar que se localiza na Calella de Calafigueira, 4 desta vila.

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local na sesión que celebrou o pasado 8/8/2013 concedíulle licenza definitiva de apertura de café bar que se localiza na Calella de Calafigueira, 4 a Ana María Fernández Carbonell.

CONSIDERANDO: Que ao ser imposible notificar a Ana María Fernández Carbonell o inicio da tramitación do expediente de transmisión de licenza a favor de Michael D'Atri, no expediente consta o edicto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello do seu último domicilio, para que compareza nas dependencias deste concello aos efectos de ser notificada e de non comparecer entenderase producida a todos os efectos legais.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder a Michaele D'Atri, licenza de apertura de café bar que se localiza no baixo da Calella de Calafigueira, 4 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:15 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.